UNIVERSIDADE
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISCURSOS
DA INVESTIDURA DE
D. IGNACIO RAMONET
COMO
DOUTOR «HONORIS CAUSA»



SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISCURSOS DA INVESTIDURA DE

D. IGNACIO RAMONET

COMO

DOUTOR HONORIS CAUSA

2003

SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISCURSO DE GABANZA DO DOUTORANDO PRONUNCIADO POLA SÚA MADRIÑA A DOUTORA D.ª MARGARITA LEDO ANDIÓN, CATEDRÁTICA DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN



Magnífico e Excelentísimo Señor Rector;
Colegas do Claustro Universitario;
Miñas donas, meus señores

Existen discursos falados tal vez pola xente a milleiros (¿Quén o sabe?) pero que, arestora, non son defendidos por ninguén. Roland Barthes, mestre do Doutorando, advírtenolo ao presentarnos os seus *Fragmentos dun discurso amoroso*, e advirte da extrema soidade pola que atravesa o discurso amoroso a día de hoxe expulso de todas as linguaxes: expulso da ciencia, arredado do coñecemento e mesmo eclipsado da linguaxe das artes. Velaiquí polo que cómpre a defensa de determinados discursos e polo que a escolla dun determinado asunto devén, en si próprio, un modo de interferencia, un acto de distinción.

Porque vostede, doutorando Ignacio Ramonet, soubo falar o que falaban milleiros de persoas e porque no medio dun suxeito

colectivo que adoito nomeamos *Xeración* aprendeunos a termar deses actos de escolla –por exemplo ATTAC ou o Foro Social de Porto Alegre, por referirmos só o máis recén–, é vostede un profesor, un xornalista, un activista con 'aura' –ese indescifrábel de múltiples usos, evocacións e variacións; é vostede unha persoa capaz de traballar dende o interior os seus materiais, retornar o próximo convertido en distante e facernos conscentes do que a penas luímos, deses dereitos máis elementais, aqueles que nos configuraron coma cidadáns, tal ese espacio que cómpre ir labrando cara o futuro se existira, aínda, algunha posibilidade de futuro.

Semella, profesor Ramonet, que o eterno presente dos etnógrafos, eses camiños que non levan a parte ningunha como avantara Buñuel en *Tierra sin Pan*, que o oco da exclusión caera coma unha nova malzón encol do *Nós*. Do nós , ese proceso que precisa do tempo e que precisa do concreto, é dicir da historia e da pertenza, que precisa da *Res pública*, para se definir e se relacionar co diferente porque diferente. Sen vontade de asimilación ou de aniquilación.

* * *

Cábeme a honra de presentarlles ao doutorando Ignacio Ramonet, unha desas persoas que *par volonté et par hasard* –esa fibela lizgaira coa que Boulez explica a súa vida– se foi convertendo nunha referencia-tipo do intelectual contemporáneo e do profesional dos Medios, dende e contra o sistema blindado dos Medios . O azar e a construcción do viaducto de Redondela –esa obra dun seguidor de Eiffel que acadou a incomprensión radical dos seus coetáneos, dos mediadores de opinión local que o foran empurrando para o suicidio–, viaducto e azar, diciamos, achegaban a Galiza dende Lleida, aló polas décadas derradeiras

do dezanove, cando Brañas publicaba en Catalunya *El Regionalismo*, a don Manuel Ramonet bisavó da persoa que hoxe nos convoca acó.

No 1943 nace na vila de Redondela Ignacio Ramonet. O tempo liso e frío deses anos para unha familia de xinea republicana como a súa, co fascismo instaurado no Estado e con Europa en guerra, condúceno polos camiños dunha migración política que endexamais deixará que se separen corpo e pensamento, nómadas un e o outro na procura do saber: as cousas están inmersas noutras cousas, o nome das cousas forma parte da construcción do *nós*, as linguas son parte da historia material e por veces acollen valores dende a ideoloxía –o francés como lingua republicana, ou arestora da soberanía fronte do insaciábel *american cowboy*–, ou o galego, amigo Ramonet, que dera o salto para un producto da industria da cultura da man dunha *sen papeis*, dunha muller dos tempos do Rexurdimento, de dona Rosalía de Castro, aló cando a milleiros falabamos encol dun programa para que Galiza entrara na historia do século XX con bo pé, un programa que o golpe de Estado de Franco condenou á fogueira. Mais a historia non finalizou e non finalizou gracias ao pensamento crítico, gracias, entre outras cousas, á súa xeración.

Ignacio Ramonet críase en Tánxer, estuda na Universidade de Burdeos e na Escola de Altos Estudos en Ciencias Sociais (EHESS) de París; doutórase en semioloxía –un eido polo demais ben sesentista–, e comeza a traballar na prensa de modelo informativo-interpretativo –no *Libé*– anos Sartre, anos Mao, anos da diferencia tamén no movemento comunista internacional, anos da utopía e do cinema da utopía: o documental. Anos de noitadas políticas –en Compostela ou en París– onde nunha delas, precisamente no ano das folgas de Ferrol e Vigo, no 1972, encóntrase cun seu camarada e tal vez sexa este o elo que o anima a retornar a unha das orixes: encóntrase cun outro galego na diáspora, xornalista en Radio France e das páxinas de *Triunfo*, con Ramón Chao.

Toda unha época que no nivel da análise podemos puntuar coa obra *Le chewing-gun aux yeux*, na que o profesor formado en Historia da Cultura alerta sobre o proceso de americanización –cuxa parte visíbel é a mercadoría cultural –pro, e de modo singular, dos mecanismos invisíbeis polos que se enxergan prácticas de dominación sobre o outro, dos mecanismos de construcción do ben o do mal e da rede de significados que chegan a instalarse en nós tal un valor incorporado, modalidade que o achega á renovación de paradigmas que trouxeran para o ámeto das ciencias sociais os Cultural Studies dende autores coma o xamaicano de orixe Stuart Hall e ate o pensador cristián, que cae do cabalo no sesenta e oito, Michel de Certeau. A diferencia entre a práctica e a técnica, nodal para que o pensamento e o estudo das Ciencias da Comunicación non adormecese no discurso tecnolóxico que recén se albiscaba, ou para que a investigación administrativa, cos seus resultados pre-determinados, non se fixera cargo de todo preparándolle o campo á dictadura dos mercados, van acompañar a súa xeración e van ser legado precioso que, dende a súa xeración, educou á que eu pertenzo, tamén por vontade e non pouco por casualidade.

Permítaseme achegar unha das doas que marcaran as miñas opcións, esa obsesión polo entrezado forma-contido-público-contexto, e que fora o comparatismo que Ignacio Ramonet estableceu entre os detectives Kojak e Colombo, os seus tics, a súa esfera de intervención, a connotación da súa marca de orixe –centroeuropa no Kojak ou a europa sul no gabán de Colombo– e, de modo sobranceiro, a substitución do FBI –dada a perda de creto desa institución– pola policía privada, unha desas anticipacións polo que a súa obra irá se convertendo en referencia e o rol do Ramonet no dun animador.

A nosa presentación do Doutorando relaciona tres parámetros máis ou menos canónicos arredor da pescuda e da docencia, arredor dos Medios e da análise dos Medios, e arredor

da actividade social, da *evidencia carnal* -acolléndonos á cualificación que tanto circulou para nomear o Neorrealismo- sen que sexa posíbel arredar un eido do outro ou mesmo outorgarlle unha meirande significación. Van ser vostedes, unha audiencia activa e diversa a pesares dos birretes e dos símbolos de 'gremio de mareantes' que nos axudan a recoñecérmonos como parte da Universidade pública de Compostela, quen descodifique dunha maneira creativa, quen veña completar este tamén noso acto de distinción. Porque entre estes tres parámetros establécense pasaxes que iremos exemplificar no máis concreto, no que circula dun país a outro en varias linguas, nas publicacións; que discerniremos nos programas de intervención de valor alternativo; e que avaliaremos na contribución de Ignacio Ramonet aos estudos de comunicación da USC. Vanse observar nexos de ida e volta dende sistemas de conceptos ao ámeto da práctica, dende análise e pescuda a cómo traballan os xornalistas, o seu rol particular nun tempo particular, o da concentración, a converxencia e, en curto, a *Tiranía da comunicación,* 1999, un dos títulos de Ignacio Ramonet máis traducidos, tamén a linguas nacionais identitarias coma, por exemplo, o é o finés: a democracia en cuestión, a censura a calcar sobre determinadas temáticas, a hibridación de laboratorio entre información xornalística –lémbrense, iso que nos faría cidadáns con criterio, solidarios e iguais–, entre información, dicíamos, e industria de entretemento alén da triada de *teipas* coñecidas como publicidade, relacións públicas e propaganda, que dende a era Reagan se incrustan na Información e que unha publicación da que tamén o doutorando é responsábel, *Manière de Voir*, tratou aló pola fin dos oitenta.

Non, non pensedes que houbo no pasado unha idade de ouro dos xornais, insiste Ignacio Ramonet ao rememorar ao patrón da prensa, finais do XIX, Randolph Hearts e a súa frase mellor sucedida canda os xornalistas: *non permitades que a verdade vos estrague unha boa historia.* Pero houbo un tempo no que a información se re-enviaba á verdade histórica e documental, aos feitos, e

lle daba pulo ao debate, á pluralidade, á existencia activa e distinta dunha sociedade, función que mal que ben chegou ate os anos oitenta, a década na que quizais o século XX concluía –poñamos que coa desaparición do Valo de Berlín–, cando aínda existía na prensa ordinaria o xornalismo de investigación e cando foi mudado polo de revelacións –o privado en escena– e polo xornalismo de *dossier*: o xornalismo en función do poder.

Innúmeras veces, acó e aló, temos discutido e publicado artigos sobre un novo perfil profesional que anula a un tempo a cultura xornalística e a profesión ao subsumir a súa cerna: a independencia, a cláusula de conciencia, o segredo profesional, e que se ampara no xornalista feito de présa, con escasa formación e de conciencia inxénua, que os asesores de Reagan escollían para facer pasar determinados falsos e denominaban *xornalistas de boa fe*. Por iso a Universidade Pública de Galiza non podía xustificar unha eiva como o era a ausencia de formación nas diferentes licenciaturas das Ciencias da Comunicación e por iso a comén dos noventa dende o Rectorado da USC se nos encargou formalizar un proxecto para a implantación dos seus estudos regrados no Campus.

Estabamos de cheo nos efectos inmediatos da primeira Guerra do Golfo; formabamos parte, con colegas da Universitat Autònoma de Barcelona e xornalistas, da fronte de oposición ao que nun libro colectivo rotulamos como *Las Mentiras de una Guerra*, e dende Barcelona –a cidade na que eu mesma estudara– telefonei a Ignacio Ramonet. Procuraba, dalgún xeito, unha desas persoas públicas que axudaran a presentar o novo emprendemento en sociedade. Non coñecíamos na altura ao doutorando se non polo que publicaba e nin sabíamos que compartíamos amigos comúns. Pero o Ramonet dixo, sen máis, si. E no verán do 1991, como proemio á creación da Facultade de Ciencias da Comunicación e do comezo do primeiro curso da licenciatura de Xornalismo, Ignacio Ramonet daba a lección inaugural do curso

Medios de Comunicación e Guerra do Golfo e fica vencellado a nós, dende entón, noutras actividades que teñen que ver coas cuestións máis determinantes e cos aspectos máis a cuberto do universo dos Media. A maior abondamento e para ir construíndo unha ponla adicada á pesquisa no seo da oferta de Terceiro ciclo da USC, a Facultade propúñase dar inicio aos cursos de doutoramento. Tamén nesta primeira andaina, sen existirmos aínda como Departamento, o doutor Ramonet formou parte do cadro de profesores dun noso primeiro curso, que artellamos no marco do Instituto para o Desenvolvemento Económico de Galicia, do IDEGA.

Especialista en xeopolítica e estratexia inernacional, Ignacio Ramonet é autor de obras cuxos títulos circulan coma unha consigna e fan unha sorte de función-tipo, tal as vellas palabras da tribu que te manteñen ao axexo: *Como nos venden a moto,* en coautoría con Chomsky, 1995; *O pensamento único,* 1996; *Un mundo sen rumo* 1997; *Internet, ese mundo que vén,* 1998 e así, entre outros e ate *Propagandas silenciosas, A post-televisión* ou *Guerras do século XXI,* as tres no 2002. Atrás, no 1981, *Cuba, cinéma et societé,* como exemplo do vínculo que establece entre a producción cultural, as condicións nas que as obras se realizan, a súa función na historia concreta das sociedades e a súa contribución á visibilidade da diferencia. No 2001 sae *Marcos, la dignidad rebelde,* unha entrevista co comandante zapatista que é tamén representativa dun dos xéneros xornalísticos polos que sente meirande atracción e que na compaña de Chao e con personaxes coma Jorge Luis Borges, por exemplo, redefiniu nalgunhas das súas convencións. Jorge Luis Borges, quen os recibía á tardiña recitando poemas do cancioneiro galego.

Experto de Nacións Unidas, en decembro de 1997, Ignacio Ramonet publica un texto no mensal *Le Monde diplomatique* no que se advirte da necesidade de novos modelos de organización cidadán para confrontar a queda de barreiras físicas, legais e políticas a prol do mercado dos cartos, en curto para a globalización

financieira, o vértice máis chamativo da economía neo-liberal, e das súas consecuencias, consecuencias arestora xa vividas no seu modo máis radical, cunha guerra á marxe da legalidade coma nas boas películas de gansters, alén da desestabilización de áreas como a asiática ou a exclusión dun continente enteiro como a África, convertido nun ronsel de enclaves. Orixínase, así, no 1998 a Organización non gubernamental ATTAC –da que é o presidente de honra–, e a súa aplicación política prolóngase no Foro Social Mundial de Porto Alegre, lémbrense, o anverso do Foro de Davos, ese que congrega os *think-tank*, os programadores das operacións de mundialización salvaxe, e que mesmo ousou publicitar unha sorte de decraración universal dos dereitos do capital, como remarca Bernard Cassen no proemio da edición galega do pensamento de ATTAC. Apropiarse do futuro é o santo e sinal. E na súa terceira edición, neste mesmo ano, o Foro de Porto Alegre aparez en público coa estrela do sucedo electoral no país que o albergou, *Lula lá!* (deseguida terémolo acó, tamén como Honoris Causa da Universidade de Santiago de Compostela), confirma o seu recoñecemento internacional e disponse a dar un paso máis: a construcción dunha área xeopolítica diferente á de dominio exclusivo do FMI/OMC, convocando a súa vindeira edición en Madras, na India, alén de situar un seu outro vértice na República surafricana.

A harmonía de pezas tan complexas, o seu paso rimado, só se pode facer dende a crenza na esperanza como a máis social de todas as enerxías –Frankfurt ao fondo– e na esfera pública como o espacio cabal para a relación entre a creatividade -as iniciativas de novo tipo-, o coñecemento, o seu re-envio cara a acción práctica, e a ideoloxía como un dos máis sofisticados entrenzados no que se funden paixón e intelixencia humanas. Libéranos, asemade, a ideoloxía, do sobexo narcisista e nos devolve esa linguaxe falada por milleros, o discurso da solidariedade no coñecemento, no aprofundamento dos procesos, no diálogo co outro, na viaxe de ideas e de feitos: eís un dos principios clásicos do NOMIC e do

famoso informe da UNESCO para redefinir o dereito á información dende a pluralidade de países e de sistemas, coñecido como 'Un só mundo, voces múltiplas' –por certo, combatido no eido político e abafado no económico por USA e mailo Reino Unido. O *idearium*, en suma, como ese fragmento do discurso amoroso que te anima a fundirte co teu próprio tempo e a participar das dificultades do teu próprio tempo.

Ben podería o doutor Ramonet non ter escollido a relación Medios-Poder e o seguemento e divulgación continxente daqueles síntomas e aspectos que nos fan ter, día a día, o alento en suspenso. Ben podería non ter articulado os *Coloquios de Valence* e tratar neles encol a face oculta da posta en escena mediática da Primeira Guerra do Golfo, ou non insistir en facer xenealoxía encol o tratamento xornalístico dos conflictos da segunda mitade do século –de Indochina e Vietnam á guerra contra Iraque– como recén fixo en Pontevedra co gallo dun Congreso Internacional sobre Medios, Educación e Novas Tecnoloxías. Ben podería non reparar na retórica televisiva nos informativos pegada ao modelo do cinema de Hollywood. Ou na velocidade coa que se difunde unha información como o seu valor diferencial, alén do xornalismo metamorfoseado na ilusión de tempo real e a substitución da comprensión das cousas pola súa visión.

Pero por ter escollido xusto a crítica e a distancia xusta é quen de reivindicar, como avantaran outros estudosos –estou a pensar en Hans Magnus Enzensberger- unha ecoloxía da comunicación e planear unha campaña que vise o uso dos Medios e de todas as ferramentas comunicacionais para, cito dende a súa intervención no Foro Social Mundial de Porto Alegre en febreiro de 2002, *organizar a acción política, darlle novo poder á cidadanía e máis termar e celebrar a diversidade cultural e intelectual*. ¿Quén, do mundo da Universidade, se non recoñecería en propostas coma estas?

Fixa, tamén, Ignacio Ramonet, unha data na axenda: O Cumio Mundial da Sociedade da Información nas súas dúas

sesións: Xenebra, 2003 e Túnez, 2005. Entrementres e en calidade de fundador do *Media Watch Global*, o Observatorio Internacional dos Medios, vai para Venezuela co albo de analisar o comportamento mediático na crise que atravesou aquel país. Tamén nesta súa actividade segue os pasos doutra das figuras máis influíntes na escola de comunicación crítica, de Armand Mattelart, e da inflexión que producira o seguemento de medios como *El Mercurio* para traer á tona o seu envolvemento no golpe pinochetista que fará trinta anos o 11 de setembro. De Chile quedounos un filme do tanden Chris Marker/Mattelart, *La espiral*; de Venezuela temos outro filme, *Chávez*, de Kim Bartley e Donnacha O'Briain, Premio especial do Xuri –do que eu propia formei parte– da 6ª edición do Festival de Málaga neste 2003, polo seu valor contra-informativo e que xa está a circular polas televisións de referencia, BBC e ARTE, por exemplo.

Premiado como profesional dos Medios en defensa da Paz, dos Dereitos humanos, da comunicación cultural norde-sul, en Roma, A Coruña, Rabat; premio Rodolfo Walsh de xornalismo pola Universidade de La Plata –non por acaso La Plata foi a primeira universidade que impartíu un curso de Comunicación na América Latina, ano 1964- ou premio Liber'Press, 1999, en Girona, o doutor Ignacio Ramonet é profesor de Teorías da Comunicación da Universidade Denis-Diderot (Paris VII), foi profesor convidado da Carlos III, de Madrid, da Universidade de Buenos Aires, Universidade de València, de San Petesburgo, Cuba, Puerto Rico, Santo Domingo... e ten seminarios impartidos dende Helsinki a Cali, dende o lugar máis seguro ao máis inestábel; dende a ledicia á dor como marca da historia máis próxima das sociedades: de Amsterdam e ate Xerusalén. Do Québec a Kioto ou Casablanca, tal e como acontece coa xente en pasaxe, tal e como acontece coa estirpe dos nómadas, non esquece endexamáis a calquera persoa coa que, algures, se cruza no deserto.

Señor Rector, colegas do Claustro:

A Facultade de Ciencias da Comunicación é das máis novas do Campus. Tocáronlle tempos de mudanza e de conflicto no sistema universitario pero situouse entre as mellor identificadas do Estado e estableceu cedo relacións científicas e académicas con centros da área atlántica, co bloco de países de expresión portuguesa e con Latinoamérica. Neste intre a Facultade esfórzase en atender as demandas dunha nova titulación; está pendente das transformacións que trae canda si un novo sistema universitario europeo; participa en intercambios de docentes-pesquisadores e recebe ou achega máis de medio centenar de estudantes Erasmus a Universidades de Francia, Finlandia, Gales, Italia, Inglaterra, Alemaña, Polonia, Portugal ou Chequia. Temos, tamén, participado en varios proxectos inter-europeos e fundado o Observatorio do Audiovisual, que mantén aberta a consulta pública a meirande base de datos –fiábel e contrastábel– do sector en Galiza. Mais isto todo fíxoo porque houbo unha presada de colaboradores que, coma o doutorando, incluírona no seus actos de escolla.

E entre outras escollas o doutorando abandona o texto pola intervención na Ágora, o deleite no signo pola comunicación como proceso e articula –una desas palabras que tanto repite–, articula o coñecemento e a realidade a partir dun dos achádegos que nos animaron a entrar no século XX: a subxectividade. Lembroo hoxe, a cen anos máis un da publicación do *¿Qué facer?* de Vladimir Illich Ulianov, Lenín, tan citado cando se fala dos medios do comezo da sociedade de comunicación, dos medios como organizadores colectivos, da prensa de grupo –como é prensa de grupo o mensal multinacional, con edicións nunha ducia de países e áreas xeo-políticas *Le Monde Diplomatique*– e recuperado como autor substantivo do século, por exemplo polo filósofo Alain Badiou, para que observemos no texto de Lenín a entrada da subxectividade na política, o que na altura se lle chamou *conciencia revolucionaria* e onde conflúen ética e estética, por traer para este lugar o

coloquio que sob a presidencia de Paul Virilio e dirixido polo doutorando e por Christian Caujolle tivo lugar en Arlès, 1997, e no que fun convidada a participar.

Soubo, Ignacio Ramonet, anticipar o que falaban milleiros de persoas igual que foi un dos primeiros, fai máis de vinte anos, en introducir a televisión como campo de estudo universitario na Francia. Hoxe hónranos con ser o primeiro Honoris Causa no que, en diante, se sinta representado o Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, a cuxos membros agradezo a deferencia de me encomendaren algo tan grato coma esta gabanza.

Don Ignacio Ramonet: gracias por amplar o seu compromiso explícito cara a este *nós*.

Dixen